

O PORVIR

[Mia Hansen-Løve, 2016]

158

ESTREA EN NUMAX: 23.09.2016 | v.o.s.e. | +7

L'avenir (2016, 100')

Dirección: Mia Hansen-Løve

Guión: Mia Hansen-Løve

Reparto: Isabelle Huppert, Edith Scob, Roman Kolinka, André Marcon, Marion Ploquin

Montaxe: Marion Monnier

Dirección de arte: Marguerite Rousseau

Vestuario: Rachel Raoult

Son: Vincent Vatoux

Música: Raphael Hamburger

Fotografía: Denis Lenoir

Produtora: Arte France Cinéma (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA

Eden, 2014

Un amour de jeunesse, 2011

El padre de mis hijos, 2009

Todo está perdonado, 2007

FESTIVAIS

Berlín 2016 (mellor dirección, nomeado a mellor filme),

Bucarest 2016 (mellor dirección)

SINOPSE

Nathalie é unha profesora de filosofía nun instituto parisino. Apaixonada polo seu traballo, gústalle sobre todas as cousas transmitir o gusto polo pensamento. Casada, dous nenos, reparte a súa vida entre a familia, os seus alumnos e a súa nai, que é moi posesiva. Un día o seu marido anúncialle que marcha vivir con outra muller. Confrontando a nova liberdade, Nathalie reiventa a súa vida.

«Mia Hansen-Løve sorprende cunha reflexión profunda e elegante sobre os azares de ser feliz. Un filme tan brillante, maduro e reflexivo como sutil.»

Luís Martínez. EL MUNDO



O PORVIR

[Mia Hansen-Løve, 2016]

«Se hai algo a imitar dos grandes cineastas é a súa liberdade, a súa independencia»

Entrevista a Mia Hansen-Løve
Por Vincent Formica

Como nace o proxecto d'*O porvir*?

No período no que procuraba financiamento para *Edén*, que era un filme complexo e precisaba tempo e diñeiro, comecei a escribir *O porvir*, sen ningunha seguridade de poder rematar o proxecto. Comecei a tomar notas sobre unha muller á que deixa o seu marido e ten que se afrontar á soidade, ao loito, á dificultade de se refacer, un tema que me parecía abondo complexo. Progresivamente fun enfiando o proxecto e o filme avanzou cunha facilidade que me sorprendeu.

En que medida a súa experiencia persoal fornece a escritura dese proxecto. Ten algo de autobiográfico?

Autobiográfico non é a palabra que eu empregaría, mais como en todos os meus filmes, inspirome en experiencias e feitos de xente que me teño atopado, persoas próximas e importantes para min. O filme fornécese da miña infancia e adolescencia. Todos os meus filmes fano dun xeito ou outro e pode que *O porvir* sexa o caso máis claro. Efectivamente os meus pais eran ambos profesores de filosofía, ao igual cós dous protagonistas do filme. En todo caso desde o momento en que pensei en Isabelle Huppert para o filme o personaxe acadou unha certa autonomía con respecto ao punto de partida.

Os personaxes d'*O porvir* teñen unha relación especial co libro, que devén un obxecto icónico, case sagrado...

Quixen asumir a importancia e o peso da relación co libro para o personaxe de Huppert, e non creo que sexa esaxerado ou acentuado por demais. Fíxenme a pregunta no momento de escribir o guión. Cumpría asignarlle a este muller outro oficio có de profesora de filosofía,

un traballo distinto ao do medio no que eu me criei? Decateime de que iso non era posíbel a causa da relación co libro, co propio obxecto. A maneira de filmar os obxectos interésame moito porque ocupan un lugar permanente, no cinema, entre o inconsciente, o invisíbel e a materia. Pode acontecer co libro ou con outros obxectos. En *Edén*, por exemplo, eran os discos.

Vostede admira o cinema de Eric Rohmer. Influencioulle á hora de tecer o personaxe de Huppert e a súa busca dunha nova liberdade?

En efecto admiro enormemente o cinema de Rohmer, un cineasta que conta moito para min, que me acompaña. Na relación íntima que teño co cinema, Rohmer é quen máis me axudou, quen máis me influenciou. Ver os seus filmes é o que máis pode estimular a miña imaxinación. Mais non tentei imitalo, non se pode ser máis rohmeriano ca Rohmer. Coido que non hai que tentar imitar aos grandes cineastas, se hai algo a imitar é a súa liberdade, a súa independencia. Non hai que tentar parecerse a eles.

O caso é que a súa linguaxe, o ritmo dos seus filmes, as súas apostas e, en efecto, as súas heroínas femininas, marcáronme moito e pode que influíran na escrita desde filme. Cando escribín *O porvir* pensei en dous filmes de Rohmer en particular, non coma modelos, mais si que constatee que podía ter unha caste de paralelismo do que non era consciente. Refírome a *El rayo verde* (1986) e *Mi noche con Maud* (1969). Este último pola filosofía e o primeiro pola travesía estival dunha heroína solitaria.

Vostede ten declarado que sente unha certa fractura coa súa idade, é por iso que escribe sobre mulleres maduras como Nathalie?

Cando abordo un personaxe non o valoro desde o punto de vista da idade; identifícome con el e pode que sexa un home, unha muller, unha adolescente... Iso non significa que a cuestión da idade non sexa importante no filme, mais en todo caso eu experimentei unha caste de empatía con este personaxe que fai esvaecer a importancia da diferenza xeracional. Non me sinto máis lonxe de Nathalie que de Paul en *Edén* ou de Víctor no meu primeiro filme, *Todo está perdonado* (2007).

Publicado en <http://www.allocine.fr/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Isabelle Huppert: *La femme aux portraits*. Seuil, 2005
Pensamientos, Blaise Pascal. Alianza, 2009
Dialéctica de la ilustración, Theodor Adorno & Max Horkheimer. Akal, 2007
Del contrato social, Jean-Jacques Rousseau. Alianza, 2012
Los elixires de la ciencia, Hans Magnus Enzensberger. Anagrama 2015
Edén, Mia Hansen-Løve. Abordar [DVD]
Le père de mes enfants, Mia Hansen-Løve. Cameo [DVD]
Un amour de jeunesse, Mia Hansen-Løve. Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME